

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 25 DE AGOSTO DE 2011.**

## **ASISTENTES:**

### Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

### Concelleiros:

D<sup>a</sup>. Ana Ledo Fernández

D. José Ángel Rey Seoane

D<sup>a</sup>. Isabel Sesar Otero

### Secretaria accidental:

D.<sup>a</sup> Armanda Vázquez García

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:25 horas do día 25 de agosto de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria accidental Dona Armanda Vázquez García.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Por non terse repartido acta/s da/ sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando o Alcalde pasar ao seguinte.

## **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

### **2.1.- ESCRITOS OFICIAIS**

#### **2.1.1.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN VIRTUDE DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA CONCELLOS DO ANO 2011 PARA ANIMADORES CULTURAI E TÉCNICOS DEPORTIVOS.**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 1223 de data 16/08/11, no que comunica a concesión de subvencións de carácter de anticipo prepagagable para o programa de técnicos deportivos e animadores culturais, convocatoria 2011, por importe de 7.500 € por cada programa.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

#### **2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SOBRE CONCESIÓN SUBVENCIÓN EN VIRTUDE DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS AOS CONCELLOS INTERESADOS NA REALIZACION DE PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA PERSOAS MAIORES EXERCICIO 2011**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada 1233 de data 22/08/11, no que notifica a resolución de concesión de subvención segundo a convocatoria publicada no BOP nº 242, con data 22/12/2010, correspondente ao exercicio 2011:

Obxecto da subvención: PROXECTO DE TERMALISMO SOCIAL DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Importe subvención: 6.000,00 €. Coeficiente de financiamento: 1

Orzamento subvencionado que se ha xustificar: 6.000,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA A CONCELLOS.**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, rexistro de entrada 1224 de data 17/08/2011, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida para Infraestrutura e equipamento de promoción económica a concellos pola obra "Execución de parque infantil e substitución de alumado no Campo da Feira" por importe de 11.996,55 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN CONVENIO ASINADO CON DATA 02/08/2010 PARA A FINANCIACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO CAMIÑO DO CAMPO DE LANZA E OUTROS (PARROQUIAS DE OS ÁNXELES E DORMEÁ)**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entada 1231 de data 26/07/11, no que se comunica a aprobación do pago a este Concello da cantidade de 84.876,74 Euros correspondente á aportación económica por parte da deputación do 100% do importe da cantidade xustificada, para financiar as obras de MELLORA DO CAMIÑO DO CAMPO DE LANZA E OUTROS (PARROQUIAS DE OS ÁNXELES E DORMEÁ) de acordo coa cláusula VI do convenio formalizado con data 02/08/2010

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 60% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO DRENAXE E CÉSPEDE DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO FINANCIADAS A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO CON DATA 20/09/2010**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entada 1232 de data 01/08/11, no que se comunica a aprobación do pago, con carácter prepagable, a este concello da cantidade de 19.865,89 Euros correspondente ao 60% do importe da subvención da obra MELLORA DO DRENAXE E CÉSPEDE DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA QUE SE APROBA A CERTIFICACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PCC PLAN COOPERACIÓN COS CONCELLOS**

Pola secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de xestión de plans, rexistro de entrada 1148 de data 26/07/11, no que se comunica a aprobación da certificación única da obra que se detalla:

Plan: PCC PLAN COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2010

Obra: Saneamento en Romelas (Parroquia Mercurín)

Distribución do financiamento	Importe
Concello fondos propios	23.805,84
Deputación fondos propios	77.965,74
Total certificación:	101.771,58

e o libramento da subvención da deputación por importe de 77.965,74 Euros  
Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.7.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL SEGUNDA REITERACIÓN REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN PROXECTO REFORMADO OBRA “SANEAMENTO EN BRATES” INCLUÍDA NO PCC 2009**

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección plans provinciais, rexistro de entrada 1186 de data 03/08/11, no que se require documento acreditativo da disponibilidad dos terreos necesarios para a execución do proxecto modificado da obra denominada “Saneamento en Brates” aprobado por este Concello na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o 30 de decembro de 2010, xa que sen esta acreditación a Deputación non poderá continuar a tramitación da aprobación do dito proxecto reformado.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.8.- RESOLUCIÓN DO 1 DE AGOSTO DE 2011 DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PUBLICADA NO DOG Nº 151 DO 08/08/2011 DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.**

Pola secretaria dáse conta da Resolución do 1 de agosto de 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada no DOG nº 151 do 8 de agosto de 2011, pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas das solicitudes presentadas ao abeiro da Resolución do 5 de abril de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade destinadas a entidades locais para a promoción da igualdade para o ano 2011, outorgándolle a este Concello unha axuda de 4.845,00 € a través do programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes (líña 1) para o desenvolvemento da actuación ACTIVIDADES DE COEDUCACIÓN.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.9.- ESCRITO DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, ACOMPAÑADO DUN EXEMPLAR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS DENTRO DOS CICLOS GALICIA E MUSICA E/OU CAMIÑOS DE CULTURA.**

Pola secretaria dáse lectura ao escrito remitido polo departamento xurídico da S.A. De Xestión do Plan Xacobeo con rexistro de entrada neste Concello co nº 1210 de data 01/08/11 no que se achega, unha vez asinado pola Directora-Xerente, o convenio de colaboración con este concello para a realización das actividades programadas dentro dos Ciclos Camiños de Cultura, conforme coa programación e a contraprestación que se sinala a continuación:

Data	Artista	Xacobeo	Concello	Total
10/06/11	I+D+I (Ilustración+Diversión+Imaxinación)	285,00 €	190,00 €	475,00 €
03/09/11	Chosco Voando	600,00 €	400,00 €	1.000,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.10.- PUBLICACIÓN NO DOG Nº 155 DE DATA 12/08/11 DAS AXUDAS CONCEDIDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE FEBREIRO DE 2011 DO FONDO DE COMPENSACION AMBIENTAL, EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.**

Pola secretaria dáse conta da publicación no DOG nº 155 de data 12/08/11 da Resolución do 26 de xullo de 2011, da Dirección Xeral de Administración Local, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro

da liña do artigo 1.5 b), subvencións de natureza competitiva, non figurando como beneficiario este Concello, que tiña solicitada unha axuda de 40.000,00 € para a realización da obra “Substitución iluminarias travesías Corredoiras e Arceo”, cun orzamento total de execución de 44.191,00 €uros.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as

**2.1.11.- RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DE DENEGACIÓN SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE ACOLLIDA DE INTEGRACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.**

Pola secretaría dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Emigración de Presidencia da Xunta de Galicia, rexistro de entrada 1214 de data 04/08/11, onde se notifica a denegación da subvención solicitada por este concello ao abeiro da resolución do 27 de abril de 2011 para o programa “Procesos e acollida e reforzo educativo (obradoiros), por non cumprir as accións ou programas presentados as condicións para ser subvencionables de acordo coas bases reguladores da convocatoria.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.12.- RESOLUCIÓN DA SECRETARIA XERAL DE FAMILIA E BENESTAR CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROGRAMA "AXUDA NO FOGAR A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES".**

Pola secretaría dáse conta do escrito enviado pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 1238 de data 2/08/11, no que se achega resolución da concesión de subvención ao abeiro da Orde do 3 de marzo de 2011, para o programa "Axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes":

Renovación: 39.178,89 euros

Incremento/novos proxectos: 0,00 euros

Total: 39.178,89 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.1.13.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA CANTIDADE SOBRANTE DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA A CONTRATACIÓN DO AEDL EXERCICIO 2009**

Pola secretaria dáse conta do enviado polo xefe territorial da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada 1196 de data 2/08/11, no que se comunica que o gasto realizado na contratación do AEDL, referido ao exercicio 2009 é inferior ao previsto, polo que se deberá proceder á devolución da cantidade sobrance, que ascende a 1.599,69 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

**2.2.- ESCRITOS PARTICULARES**

**2.2.1.- SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. MARÍA ISABEL PAZ LÓPEZ**

Pola secretaria dáse conta da solicitude presentada por D<sup>a</sup>. María Isabel Paz López, con domicilio en C/ Lurkizaga 13 2º B, Barakaldo, Vizcaya, con rexistro de entrada neste concello nº 1242 con data 24/0/2011, no que insta a reparación dun bache na vía municipal no lugar de Vilar, da parroquia de Andabao.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Informar á D<sup>a</sup>. María Isabel Paz López que a reparación da focha existente no lugar de Vilar, da parroquia de Andabao, queda incluída nos traballos de acondicionamento de vías municipais a efectuar en breve prazo.

### **3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.**

#### **3.1. LICENZAS**

##### **3.1.1.- INFORME FAVORABLE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDEANDO A REMISIÓN A MEDIO AMBIENTE DO EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE SOMETIDA A AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL PROMOVIDO POR DON JOSÉ MANUEL DE LA FUENTE SÁNCHEZ.**

Examinado o expediente promovido por D. José Manuel de la Fuente Sánchez, en virtude da instancia número 1042 de data 22 de outubro de 2010, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun taller de reparación e venda de maquinaria agrícola no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental segundo Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

Resultando que con data 9 de febreiro de 2011, con rexistro de entrada número 169, presentouse no concello proxecto de legalización da actividade dun taller de reparación de maquinaria agrícola.

Resultando que o proxecto técnico presentado con data 9 de febreiro de 2011 foi completado con "Anexo ao proxecto de legalización da actividade dun taller de reparación de maquinaria agrícola" con rexistro de entrada no Concello 505 de data 25/04/2011; e resultando, que se cumpriron os trámites de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, mediante edicto inserido no taboleiro de anuncios do Concello, no BOP núm. 116 do 20/06/2011 e no DOG núm. 136 do 15/07/2011 e notificación aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos servizos técnicos municipais asinados por D. Ángel Delgado Cid de datas 6 de xuño de 2011 e 17 de agosto de 2011 sobre compatibilidade da actividade e incidencia ambiental.

Considerando, que o proxecto técnico e o anexo que o complementa reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto segundo informe técnico de data 06/06/2011 asinado por D. Ángel Delgado Cid non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, que se respetan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Visto o Decreto 133/2008, do 12 de xuño, en particular o artigo 9.1, e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes 3 votos a favor

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Informar favorablemente a concesión de licenza municipal de actividade instada por D. José Manuel de la Fuente Sánchez, en virtude da instancia número 1042 de 22 de outubro de 2011, solicitando licenza municipal para a instalación, apertura e funcionamento dun taller de reparación de maquinaria agrícola no lugar de Corredoiras, parroquia de Ánxeles, actividade sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do expediente completo á Comisión Provincial de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no artigo 10 do referido Decreto.

### **3.1.2.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE Balsa DE XURRO DE GANADERÍA STA. MARÍA S.C. NO LUGAR DE VILAVERDE-ARCEO SOLICITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ MANUEL SANDÁ REY**

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 09/12/2010 nº de rexistro de entrada 1594 por D. José Manuel Sandá Rey presentou ante o Concello de Boimorto proxecto de “Balsa para almacenamento de purín (vinculada á explotación CEA: Es150060113001)” no lugar do Vilaverde parroquia de Arceo; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luís Cabado Martínez colexiado nº 906 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 1340; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de espazos naturais, situando a balsa de xurro na zona de solo rústico de protección agropecuaria.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 07/02/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 26/07/2011.

Tramitado procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado no Decreto 133/2008 de 12 de xuño constante, informe de compatibilidade de data 09/02/2011 así como informe de incidencia ambiental de data 27/04/2011 asinados polos técnico D. Ángel Delgado Cid; resultando que tramitado o procedemento de incidencia ambiental do Decreto 133/2008 da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente en escrito con entrada 906 de data 22/06/2011 remítense Dictame de Incidencia Ambiental, sen prexuízo do sinalamento de medidas correctoras oportunas.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención, aos dos servizos técnicos municipais e ao Dictame de Incidencia Ambiental remitido pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

Considerando, que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe en extensión e detalle as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ó medio ambiente.

Considerando, que o emprazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona polo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boimorto, non estando en contradición co disposto nos acordos e ordenanzas municipais sobre a materia, se respectan as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vista a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, así como as demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar licenza provisional de actividade a D. Jose Manuel Sanda Rey para o proxecto de “Balsa para almacenamento de purín (vinculada á explotación CEA: Es150060113001)” no lugar do Vilaverde parroquia de Arceo; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luís Cabado Martínez colexiado nº 906 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 1340; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de espazos naturais, situando a balsa de xurro na zona de solo rústico de protección agropecuaria.

**SEGUNDO.-** A presente autorización de licenza provisional de actividade outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros condicionada, ao cumprimento das medidas

correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexos así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- Estará condicionada ao recollido no Dictame de Incidencia Ambiental de data 10/06/2011 escrito con entrada neste Concello nº 906 de data 22/06/2011 remitida pola Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente.

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Deberase axustar as medidas correctoras que se contemplan no proxecto presentado e ao sinalado no Dictame de Incidencia Ambiental.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Alcaldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento.

**TERCEIRO** .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

### **3.2. PERMISOS E AUTORIZACIÓNS**

Sobre as conexións en Brates advirte a Secretaría que non está aínda rematada a obra da depuradora de Brates non debendo neste momento outorgar autorizacións de conexión.

#### **3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 70/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1177, con data 03/08/2011, presentada por D<sup>a</sup>. María de los Ángeles Souto Barreiro, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Nogaredo, 27 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 27 do lugar de Nogaredo parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D<sup>a</sup>. María de los Ángeles Souto Barreiro, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 27 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.2.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 71/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1191, con data 09/08/2011, presentada por D<sup>a</sup>. María Cabanas Vázquez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Fontao, 2 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 2 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D<sup>a</sup>. María Cabanas Vázquez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 2 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.3.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 72/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1192, con data 09/08/2011, presentada por D. Modesto Sánchez Mariñas, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Fontao, 5 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomu-

nicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Modesto Sánchez Mariñas, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **3.2.4.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 73/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1206, con data 12/08/2011, presentada por D. Severino Botana Rico, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Fontao, 10 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 10 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Severino Botana Rico, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 10 do lugar de Fontao, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **3.2.5.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 74/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1207, con data 12/08/2011, presentada por D. Eladio Botana Ponte, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Nogaredo, 21 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 21 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Eladio Botana Ponte, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 21 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.6.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 75/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1225, con data 19/08/2011, presentada por D<sup>a</sup>. Jesusa Costoya Mosquera, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Abuis, 1 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Abuis, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D<sup>a</sup>. Jesusa Costoya Mosquera, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 1 do lugar de Abuis, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.7.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 76/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1228, con data 22/08/2011, presentada por D. Jesús García Carneiro, con domicilio a efectos de noti-

ficación no lugar de Nogaredo, 22 parroquia de Brates, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 22 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Jesús García Carneiro, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 22 do lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.8.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 77/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1236, con data 24/08/2011, presentada por D<sup>a</sup>. María Veiga Mejuto, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Viladóniga, 4 parroquia de Boimorto, pertencente a este termo municipal, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 6 da Travesía Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D<sup>a</sup>. María Veiga Mejuto, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 6 da Travesía Casal de Munín do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.9.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 78/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1180, con data 04/08/2011, presentada por D. Jesús Buján Lea, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Algalia, 5 parroquia de Dormeá, pertencente a este termo municipal, no que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Algalia, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa de rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade con tres votos a favor **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Jesús Buján Lea, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 5 do lugar de Algalia, parroquia de Dormeá, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.10.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA 4/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1188, con data 06/08/2011, presentada por D<sup>a</sup>. Carmen Sesar Sánchez, con domicilio a efectos de notificación no número 16 do lugar de Vilar, pertencente á parroquia de Sendelle, na que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 16 do lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D<sup>a</sup>. Carmen Sesar Sánchez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 16 do lugar de Vilar, parroquia de Sendelle, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.11.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA 5/2011**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1212, con data 16/08/2011, presentada por D. Antonio Pardo Casal, con domicilio a efectos de notificación no número 2 do lugar de Cabana, pertencente á parroquia de Buazo, no que solicita autorización para a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 2 do lugar de Cabana, parroquia de Buazo, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 18/2008 de 29 de decembro de vivenda de Galicia según o artigo 21 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación xa que segundo o apartado 1 deste artigo a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No mesmo artigo 108 da lei no apartado 1 letra f) di que é infracción moi grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Antonio Pardo Casal, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no número 2 do lugar de Cabana, parroquia de Buazo, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **3.2.12.- DENEGACIÓN AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE ABASTECIMIENTO DE AUGA**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1157, con data 01/08/2011, presentada por D<sup>a</sup>. Carmen Meijide Veiga, con domicilio a efectos de notificación na rúa Estrada de Lanzá, 8 do núcleo urbano de Boimorto, pertencente a este termo municipal, na que solicita a conexión coa rede de abastecemento de auga dun alpendre, sito no lugar de Vieite, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Informando a Secretaria de que o municipio exercerá en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguintes materias: subministro de auga... como establece o art. 25.2.1) e art. 26.1a) da LBRL que establece a obriga dos municipios de prestar como servizo mínimo, entre outros, o servizo de abastecemento de auga potable e o art. 18.1.g) do mesmo texto, faculta aos veciños a esixir as prestacións ou o establecemento dos servizos que formen parte das competencias municipais de carácter obrigatorio.

En base aos artigos anteriores e de acordo coas SSTS de 14 de febreiro de 1994, 21 de novembro de 1996, 17 de xullo e 22 de decembro de 2010 entre outras, así como as do STSJ de Castela e León, do 12 de abril, 5 de decembro de 2003 e 2 de abril de 2005, entre outras, o abastecemento domiciliario de auga potable, configúrase como un servizo mínimo, de prestación obrigatoria polos municipios, que é directamente esixible polos interesados e todo elo sen

perxuízo das condicións concretas do seu establecemento, ou o deber de contribuír a sufragar a carga económica que supoña.

A obrigatoriedade para a prestación do servizo de subministro de auga entenderase que é para o abastecemento domiciliario e de consumo doméstico, entendendo por tal o humano e o que se realiza dentro do solo urbano para pequenas industrias de pouco consumo sen que poidan entenderse comprendidos dentro deste concepto os de carácter agrícola ou gandeiro.

En canto á area a que haberá de extenderse a prestación do servizo, é a de solo urbano. A prestación do servizo fóra desta clase de solo e para consumo distinto do doméstico non é unha obriga esixible ao Concello, senón que a extensión a granxas, industrias, actividades agrícolas, etc entenderase discrecional e condicionada á salvagadar a prestación en canto a caudal, prestación ou continuidade do abastecemento domiciliario. Neste sentido manifestáronse, entre outras, a STS do 16 de decembro de 1987 e a STSJ de Andalucía de 29 de setembro de 2003.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Denegar a D<sup>a</sup>. Carmen Meijide Veiga, autorización para conexión coa rede de abastecemento de auga do alpendre sito no lugar de Vieite, parroquia de Boimorto, deste termo municipal, xa que o servizo domiciliario de auga potable se configura como un servizo mínimo, de prestación obrigatoria polos municipios e que é directamente esixible polos interesados. Non obstante, a obrigatoriedade é para o abastecemento domiciliario e de consumo doméstico (entendendo por tal o humano e o que se realiza dentro do solo urbano para pequenas industrias de pouco consumo) sen que poidan entenderse comprendidos dentro deste concepto os de carácter agrícola ou gandeiro e o ámbito territorial ao que hai de estender tamén obrigatoriedade é o urbano, quedando garantizado o cumprimento do principio de igualdade entre todos os veciños e condicionado a salvagardala regularidade da prestación do servizo en canto a caudal, presión... dos abastecementos domiciliarios ao ter estes carácter prioritario.

**SEGUNDO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS**

##### **4.1.- URBANISMO**

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidad e sancionadoras oportunas.

##### **4.1.1.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 32/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE CUBERTA DA VIVENDA SITA NO NÚMERO 1 DO LUGAR DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ PONTE CARNEIRO**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (LO 32/2011), tramitado a instancia de D. José Ponte Carneiro, con DNI núm. 32398990V, e con domicilio para os efectos de notificación en C. Areizo 3 PO3 II, Alonsotegi, Vizcaya, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1227 de data 19/08/2011 para a substitución do material da cuberta da vivenda unifamiliar sita no número 1 do lugar de Nogaredo, pertencente á parroquia de Brates (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo) segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 22/08/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

E advertindo por Secretaría a non acreditación da legalidade e antigüidade da vivenda aos efectos de determinar o réxime legal ou fora de ordenación que fundamente o outorgamento da licenza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. José Ponte Carneiro, con DNI núm. 32398990V, para a substitución do material da cuberta da vivenda unifamiliar sita no número 1 do lugar de Nogaredo, pertencente á parroquia de Brates (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo) segundo valoración presentada.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico: **6.850,00 Euros.**

Liquidación 2%: **137,00 Euros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

#### **4.1.2.-LICENZA DE OBRA MENOR (LO 33/2011) PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE VIVENDA E ALPENDRES ANEXOS NO LUGAR DE CRUCEIRO, PARROQUIA DE DORMEÁ, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. MANUEL PINTOR VÁZQUEZ**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (LO 33/2011), tramitado a instancia de D. Manuel Pintor Vázquez, con DNI núm. 76452988E, e con domicilio para os efectos de notificación en R/ Teniente General Gómez Zamalloa nº 9, 3º D, 15005 A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 836 de data 15/06/2011 para a realización de obras de conservación e mantemento de vivenda e alpendres anexos no lugar de Cruceiro, parroquia de Dormeá (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo memoria presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 23/06/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Vista a autorización do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da estrada AC-840 de data 10/08/2011.

E advertindo por Secretaría a non acreditación da legalidade e antigüidade da vivenda e alpendres aos efectos de determinar o réxime legal ou fora de ordenación que fundamente o outorgamento da licenza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. Manuel Pintor Vázquez, con DNI núm. 76452988E para a realización de obras de conservación

e mantemento de vivenda e alpendres anexos no lugar de Cruceiro, parroquia de Dorneá (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso) segundo memoria presentada.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra outorgada salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- No caso de non poder deixar a pedra vista na fachada deberá comunicalo ao concello, indicando a solución adoitada, aos efectos de valorar a necesidade ou non da concesión dunha nova licenza.

.- As obras non afectarán a elementos estruturais, nin suporán variación do volume actual da edificación.

.- Deberase axustar ao contido no informe do Servizo de Infraestruturas da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra: corrección por informe técnico:  
**12.453,42 €uros.**

Liquidación 2%: **249,07 €uros**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

**4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 34/2011) PARA CONSTRUCCIÓN Balsa ALMACENAMIENTO DE XURRO NO LUGAR DE VILAVERDE, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADO A INSTANCIA DE D. JOSÉ MANUEL SANDÁ REY, EN REPRESENTACIÓN DE GANADERÍA SANTA MARÍA, S.C.**

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra (LO 34/2011), tramitado a instancia de D. José Manuel Sandá Rey, con DNI núm. 44811987Y, actuando en representación de Ganadería Santa María, S.C., e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Seixas da parroquia de Santa María do municipio de Arzúa, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 1594 de data 09/12/2010 para a realización das obras de construción dunha balsa de almacenamento de xurro no lugar Vilaverde, parroquia de Arceo (solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de espazos naturais) conforme ao proxecto de “Balsa para almacenamento de purín (vinculada á explotación CEA: ES150060113001)”; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luís Cabado Martínez Colexiado nº 906 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 1340, cun orzamento de execución material de 33.697,07 €uros.

Vistos o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid con data 07/02/2011 que consta no expediente, informe da secretaria municipal de data 26/07/2011 e visto o Dictame de Incidencia Ambiental de data 10/06/2011 con rexistro de entrada nº 906 en data 22/06/2011.

A Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e da necesidade doutras autorizacións sectoriais, licenza de obra maior a D. José Manuel Sandá Rey, con DNI núm. 44811987Y, actuando en representación de Ganadería Santa María, S.C., e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de Seixas da parroquia de Santa María do municipio de Arzúa, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 1594 de data 09/12/2010 para a realización das obras de construción dunha balsa de almacenamento de xurro no lugar Vilaverde,

parroquia de Arceo (solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de espazos naturais) conforme ó proxecto proxecto de “Balsa para almacenamento de purín (vinculada á explotación CEA: ES150060113001)”;

redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Luís Cabado Martínez Colexiado nº 906 visado polo Colexio Oficial de Enxeneiros Técnicos Agrícolas co número 1340, cun orzamento de execución material de 33.697,07 Euros

Constando no expediente oficio de dirección de obra sen visar, non poderá retirar a licenza sen a presentación de nomeamento visado do director facultativo e executivo das obras visado.

**SEGUNDO.-** Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- Deberase axustar a execución da obra ás necesidades derivadas das medidas correctoras contempladas no proxecto presentado e no Dictame de Incidencia Ambiental.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 33.697,07 Euros.

Liquidación 2%: **673,94 €**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## **4.2.- OBRAS E SERVIZOS**

### **4.2.1.- PREAVISO DE PRÓXIMO CUMPRIMENTO E RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS**

En aplicación do disposto no artigo 206.h) da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2011, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da lei contratos das Administracións Públicas, normativa aplicable no momento da resolución e visto o contrato de servizos para limpeza de edificios e instalacións municipais asinado o 30/09/2009 coa empresa Serlimat Española, S.L. “Grupo Clinor” aplicando o disposto na cláusula 4ª. de dito contrato a Xunta de Goberno Local por unanimidade

**ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Tendo en conta a normativa expresada, así como a cláusula 4ª. do contrato de servizos de limpeza de edificios e instalacións municipais asinado o 30/09/2009 coa empresa Serlimat Española, S.L. “Grupo Clinor”, preavisar ao contratista Serlimat Española, S.L. “Grupo Clinor” da intención desta Corporación de resolver o contrato citado con efectos 01/10/2011.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á Empresa contratista aos efectos oportunos, concedendo de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2011 xa citado, un prazo de audiencia de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acordo.

## **5.- ASUNTOS ECONÓMICOS.**

### **5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS**

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

**ÚNICO.-** Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
Liquidación taxa Número 2011/6102	Deputación Provincial	Publicación anuncio BOP aprobación inicial expediente de modificación créditos 5/11	154,27 €
Recibo 04-08-11	Helvetia Turismos A41003864-222	Póliza furgoneta de servizos sociais período dende 01/08/11 ata 31/07/12	468,23 €
70/04-08-11	José Gómez Gaspar 33320350-C	Tela para cubrir mesa evento visita da copa do mundo o día 6 de agosto de 2011	15,00 €
4000768903/31-07-11 □	Soc. Est. Correos y Telégrafos, S.A. / ESA-83052407	Franqueo pagado mes de xullo 2011	272,74 €
11/210548/30-07-11	COGAMI Reciclado de Galicia S.L. B15467962	Recollida e xestión de residuos	90,72 €
1/11-08-08-11	Mª Carmen Rey Seoane 33289037X	Vestimenta para o persoal (peóns limpeza de vías)	841,86 €
001836/13-08-11	Manuel Ramón Varela Vázquez / 78799711D	Impresión fotografías copa do mundo en Boimorto	29,76 €
75.127/30-07-11	Recambios Santiagueses S.L. B15214349	Líquido hidráulico desbrozadora	354,94 €
11/01-01-07-11	Daniel Polo Abad 46090918E	Actuación maxia I+D+I o 10/06/11 dentro do programa “Camiños de cultural 2011” da Xunta de Galicia	190,00 €
08/2011/23-08-11	Multiservicios Cempés 78787497P	Copia de chaves miniresidencia, piscina e casa de cultura	6,00 €
091-11/03-08-11	Aquanor, S.L. B-36.769.305	Revisión e substitución de sonda amperométrica no depósito de Boimil	1.829,00 €
21/23-08-11	José Antonio Agra Agra 76.457.735-P	126 ml rastrel pino vermello para a miniresidencia	127,44
5/01105826/25-07-11 5/01105827/25-07-11	Nea F3 Iberica, S.L. B-15361348	Mantemento fotocopiadora cor BH. C353 oficinas municipais Mantemento fotocopiadora dixital K-7022 de servizos sociais	217,36 € 32,51 €
12/2011/11-08-11	Xosé Carreiro Monteiro 36.004.695-N	500 exemplares “Os bolechas van de viaxe a Boimorto” subv. actividades culturais 2011 Deput. Provincial	1.742,00 €
41388/01-08-11 41389/01-08-11	Rio Blanco, S.L. B-15.424.047	Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil Hipoclorito sódico para as instalacións da piscina	276,12 € 138,06 €
12418/30-07-11	Maquinaria Casalonga,	Repostos cortacéspedes	148,54 €

12475/18-08-11	S.L. / B-15718489	Repuestos desbrozadora de mau	143,29 €	
33/11/30-07-11	Asociación Deportiva Tiro con Arco G-15416779	Trofeos I memorial “Antonio Ares” tiro con arco subv. Deportes 2011 Deput. Prov.	195,68 €	
11/507/08-08-11	Remuiño Servicios XXI, S.L. / B-15873193	Tóner impresora servizos sociais	77,67 €	
A/1273/28-06-11	José Manuel Lamas Gómez / 78787946C	Reparación desbrozadora	223,50 €	
59/2011/09-08-11	Logística del Espectáculo, S.L. B-15510605	Prestación de servizo de aluguer dunha carpa a dúas augas	708,00 €	
083/11/01-08-11	Cerne Ingeniería, S.A. A-15056468	Asistencia técnico-urbanística mes de xullo de 2011	2.450,00 €	
084/11/01-08-11		Asistencia técnica de coordinación de seguridade e saúde de proxectos de obras municipais xullo 2011	833,33 €	
2011/1785/31-07-11 □	Sogama / A-15379803	Tratamento de residuos urbanos mes de xullo 2011	3.111,65 €	
564.075/01-08-11 □	Ascensores Enor, S.A. A36650992	Mantemento ascensor casa consistorial agosto 2011	311,71 €	
1521/31-07-11	Serlimat Española, S.L. B-15535875	Servizo de mantemento de limpeza mes de xullo 2011	2.585,11 €	
950689292/31.07-11	KONE Elevadores S.A. A-28791069	Servizo de mantemento mes de xullo	221,18 €	
567/31-07-11	Juan López Sánchez 34258362T	Subministro de gasolina para cortacésped e desbrozadora	201,00 €	
D-667/11-08-11		Gasóleo automoción	2.750,00 €	
28-H182-384977 01/08/11	Telefónica Móviles España, S.A. A-78923725	Recibo teléfonos móbiles	202,73 €	
TA3SF0594275	Telefónica de España, S.A. / A-82018474	Recibo teléfono centro maiores	90,75 €	
TA3SF0575758		Recibo teléfono servizos sociais	107,82 €	
TA3SF0602847		Recibo teléfono ascensor miniresidencia	16,49 €	
TA3SF0603683		Recibo teléfono miniresidencia	71,04 €	
TA3SF0575757		Recibo teléfono xulgado de paz	25,40 €	
TA3SF0590606		Recibo teléfono ascensor concello	16,49 €	
TA3SF0591009		Recibo teléfono oficinas Concello	395,40 €	
TA3SF0592562		Recibo teléfono fax concello	0,17 €	
TA3SF0599973		Recibo teléfono baixo concello	68,69 €	
TA3SF0575760		Recibo teléfono PAI	26,51 €	
19/08/11				
Relación de data 08/07/11		Gas Natural S.U.R. SDG A-65067332	Recibos de subministro de luz ao alumado público	4.680,54 €
Relación de data 09/08/11			Recibos de subministro de luz ás dependencias do Concello	202,08 €
□	Recibos de subministro de luz ao alumado público Recibos de subministro de luz ás		2.171,93 €	

		dependencias do Concello	263,09 €
Relación recibos non domiciliados xuño 2011 (período do 03-05-11/06-06-11)	Unión Fenosa Comercial, S.L. B-82207275	Recibo do alumeadado público	907,53 €
		Recibo do campo de fútbol	510,88 €
		Recibo do polideportivo	158,66 €
		Recibo do colexio público	901,87 €
		Recibo da piscina	55,72 €
		Recibo casa do concello	721,94 €
Relación recibos non domiciliados xullo 2011 (período do 06-06-11/04-07-11)		Recibo do campo de fútbol	392,30 €
		Recibo do polideportivo	126,46 €
		Recibo do colexio público	646,20 €
		Recibo da piscina	648,22 €

### **5.2.- LIQUIDACIÓN CONVENIO CONCELLO DE ARZÚA.-**

Vista as lecturas dos contadores nº 07SE117226 = 2801 m<sup>3</sup> (menos 2548 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **253 m<sup>3</sup>**) e nº 07SE117232 = 665 m<sup>3</sup> (menos 576 m<sup>3</sup> da lectura do trimestre anterior = **89 m<sup>3</sup>**) TOTAL: 342 m<sup>3</sup>, realizada polo encargado de servizos municipais de limpeza viaria, abastecemento de auga e rede de sumidoiros deste Concello, D. Manuel Vázquez García, en aplicación do disposto en convenio asinado con Arzúa "Convenio de cooperación entre o Concello de Arzúa e o Concello de Boimorto" en data 23 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Liquidar a cantidade a ingresar polo Concello de Arzúa a Boimorto como consecuencia do disposto no convenio 342 m<sup>3</sup> x 0,21 euros = 71,82 € + 5,75 (IVE do 8%) = 77,57 €.

**SEGUNDO.-** Notifíquese ao Concello de Arzúa o presente acordo, solicitando o ingreso na conta bancaria xa comunicada do Concello de Boimorto.

### **5.3.- SOLICITUDE DE LICENZA DE DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA TRAMITADA POR D. ANTONIO RIOS IGLESIAS EN REPRESENTACIÓN DE EXPLOTACIÓNES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L.**

Pola secretaria dáse conta da solicitude e documentación presentada por D. Antonio Rios Iglesias con DNI 79329605Y, en representación da empresa Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L con CIF B-15738768 e con domicilio para os efectos de notificación no lugar de A Carballeira, Aiazo, Frades, solicitude con entrada no concello nº 1166 de data 03/08/2011, na que solicita licenza de depósito e transporte de madeira procedente da corta na parcela nº 1226 do polígono 10 por tala de eucaliptos de aproximadamente 272 toneladas no monte Espiño da parroquia de Xubial, termo municipal de Melide, sendo propietario da parcela D. Manuel Sueiro Raposo, utilizando para o transporte de madeira as vías públicas das parroquias de Rodieiros e Corneda, pertencentes ao Concello de Boimorto.

Vista fotocopia da autorización solicitada ao Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural para realizar a tala con rexistro de entrada nº 1610 de data 22/07/2011.

Visto o informe técnico de data 08/08/2011 do xeógrafo-urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERIA S.A. prestadora do servizo de asistencia técnico-urbanística ao Concello de Boimorto onde se sinala que deben depositar unha fianza de 300 €.

Vista a ordenanza fiscal nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa polo depósito e transporte de madeira de corta.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar autorización á Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L., con CIF B15738768 para licenza de depósito e transporte de madeira procedente da corta na finca polígono

10 parcela 1226 na parroquia de Xubial do termo municipal de Melide para a especie de "eucalip-tos", condicionando a licenza ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- Poderanse levar a cabo actuacións complementarias tales como a apertura de vías de saca temporais, cargadeiros temporais e estacionamento temporal de maquinaria forestal, sempre co compromiso de reposición dos terreos no prazo máximo de tres meses desde a obtención da licenza.
- O madeireiro encargado da tala será o responsable directo dos danos ocasionados nas vías públicas como consecuencia do depósito da madeira, quedando obrigado á reparación das mesmas, incluíndo a limpeza e retirada de depósitos.
- As vías públicas non poderán empregarse para almacenamento de madeira, aínda que se autorizan as operacións para a súa carga, debendo mantelas limpas e en bo estado de utilización, tendo especial coidado coa conservación das gabias.
- Deberá sinalizarse convenientemente o estacionamento de maquinaria na vía pública.
- Cando se proceda á corta de árbores situados a unha distancia inferior a 30 metros da vía pública, as manobras correspondentes deberanse sinalizar por persoal da empresa madeireira, procedéndose á interrupción do tráfico e do tránsito de persoas mentres exista risco de caída de árbores.
- En ningún caso a corta, transporte ou depósito das árbores afectará as parcelas lindantes. En caso de ser imprescindible, porase en coñecemento dos seus propietarios, coa obriga de repoñer ao seu estado orixinal os terreos afectados.

**SEGUNDO.-** Conceder coas condicións sinaladas neste acordo salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e establecer a fianza de 300 € co obxecto de responder diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, cuantía fixada no informe dos servizos técnicos municipais de data 08/08/2011. Aceptando a autoliquidación de 20 € por ocupación de dominio viario local.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo a Explotaciones Forestales Souto Carrillo S.L. con CIF B15738768, aceptando a autoliquidación de 20 €, con expresión dos recursos que poden interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e prazo para interpoñelos.

#### **5.4.- ESCRITO DE D. MIGUEL A. PÉREZ, SOLICITANDO A DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEFINITIVA DEPOSITADA PARA RESPONDER DAS OBRIGACIÓNS DERIVADAS DA SUBMINISTRACIÓN DA ADQUISICIÓN DUN CAMIÓN MUNICIPAL**

Pola secretaria dáse conta do escrito de D. Miguel A. Pérez, en representación da empresa Autos Lobelle, S.L., con rexistro de entrada neste concello nº 1159 con data 01/08/2011, no que solicita a devolución do aval depositado como garantía das obrigas polo seguinte subministro:

Denominación	Importe aval	Data recepción subministro
Camión municipal	2.823,28 €	05/06/2009

Visto o informe emitido por D. Ángel Delgado Cid, de data 22/08/2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Proceder á devolución do aval solicitado.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar traslado do presente acordo aos servizos contabeis para a súa tramitación.

Seguidamente pola Secretaria dáse conta dos decretos números 231, 254, 255, 259, 268, 272 e 277 dictados pola Alcaldía Presidencia avocando as funcións delegadas na Xunta de Goberno Local, quedando os concelleiros que a integran informados.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 14:35 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria accidental que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE,

A SECRETARIA ACCDTAL,

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez